

APLICACIÓN DE TARIFAS COMUN NOS CENTROS DE APOIO A INVESTIGACIÓN

APLICACIÓN DE TARIFAS SEGUNDO TIPO:

- TARIFA A:

Como norma xeral, aplicarase aos/ás usuarios/as que pertencen á Universidade de Vigo.

Ademais, aplicarase a tarifa A nos seguintes casos:

1. Ás solicitudes de servizo realizadas por persoal investigador nomeado doutor/a honoris causa pola Universidade de Vigo que teñan que ser facturadas a un organismo público de investigación distinto da Universidade de Vigo.
2. Ás solicitudes de servizo realizadas por usuarios/as da Universidade de Vigo, que se teñan que facturar a un organismo público de investigación distinto da Universidade de Vigo, pero que estean encadradas nun proxecto de investigación competitivo xestionado polo citado organismo público de investigación, en que o usuario/a da Universidade de Vigo forme parte do equipo investigador, e sempre que se cumpran os requisitos seguintes:
 - a. Que as análises ou os servizos que se realizarán no centro estean claramente recollidos na memoria do proxecto, e que figuren como tarefas asociadas ao traballo do persoal investigador da Universidade de Vigo que realiza a solicitude de servizo.
 - b. Que os servizos que se realizarán no centro (ou a vixencia do abono, de ser o caso) se encadren dentro do prazo de execución do proxecto, segundo o indicado na memoria de solicitude e na resolución de concesión deste.
 - c. Que o custo dos servizos solicitados non exceda a contía indicada no proxecto para ese concepto.
3. O persoal investigador do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IIS-GS), non pertencente á Universidade de Vigo, e que figure no censo actualizado proporcionado polo IIS-GS, deberá enviar á unidade administrativa correspondente, por correo electrónico, unha solicitude de aplicación de tarifa A, baseándose na súa pertenza ao IIS-GS.

- TARIFA B:

Como norma xeral, aplicarase a usuarios/as doutros organismos públicos de investigación.

Ademais, aplicarase a tarifa B nos seguintes casos:

1. Solicitudes de servizo que teñan que ser facturadas a fundacións / asociacións sen ánimo de lucro, ou que estean constituídas / participadas por un organismo público de investigación.
2. Solicitudes de servizo realizadas por usuarios/as de empresas que posúan unha cátedra de colaboración coa Universidade de Vigo.

- Solicitudes de servizo realizadas por usuarios/as de entidades coas que a Universidade teña asinado un convenio de colaboración.

- TARIFA C:

Como norma xeral, aplicarase a usuarios/as de empresas ou centros de investigación privados.

NOTAS XERAIS:

Todos os servizos que se facturen a entidades, ou empresas diferentes da Universidade de Vigo, levarán incrementada a porcentaxe de IVE, establecida na normativa, con respecto á tarifa de usuario/a que lle corresponda.

PROCEDEMENTOS PARA SOLICITAR AS TARIFAS:

- Tarifa A:

O/A usuario/a da Universidade de Vigo que solicite servizos que teñan que ser facturados a un organismo público de investigación distinto da Universidade de Vigo, pero aos que lle poida corresponder a aplicación da tarifa A deberá:

1. Enviar á unidade administrativa correspondente, por correo electrónico, un documento de solicitude asinado, no que resuma as características máis salientables da súa contribución o proxecto, os servizos que vai utilizar, o período de vigor do proxecto, e os datos necesarios para facturar os servizos.
2. Achegar unha copia da memoria do proxecto e da resolución de concesión, onde se indique o importe da subvención concedida (incluídos o reparto por anualidades e os conceptos de gasto).

O persoal investigador do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IIS-GS) non pertencente á Universidade de Vigo que figure no censo actualizado proporcionado polo IIS-GS deberá enviar á unidade administrativa correspondente, por correo electrónico, unha solicitude de aplicación de tarifa A, baseándose na súa pertenza ao IIS-GS.

Os/As solicitantes deberán agardar unha resposta ou unha confirmación afirmativa oficial por parte do centro para proceder ás solicitudes de servizo

- Tarifa B:

O/A usuario/a que solicite servizos que teñan que ser facturados a entidades incluídas nos supostos de aplicación da tarifa B deberá:

1. Enviar á unidade administrativa correspondente, por correo electrónico, unha solicitude de aplicación da dita tarifa.
2. Remitir documento que xustifique a aplicación da tarifa B (certificado de inscrición no rexistro de fundacións / asociacións, publicación nun diario oficial da administración, copia dos estatutos, convenio de colaboración asinado coa Universidade).

Os/As solicitantes deberán agardar unha resposta ou unha confirmación afirmativa oficial por parte do centro para proceder ás solicitudes de servizo.

Correos electrónicos das unidades administrativas dos Centros de Apoio a Investigación:

CINBIO: aince@uvigo.es

CACTI: aince@uvigo.es

ECIMAT: aince@uvigo.es

CITI: areaeconomica.ou@uvigo.es